

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA
Sección de Enerxía
Rúa Vicente Ferrer, 2, 2º andar
15.008 A Coruña

ASUNTO: Alegacións ó acordo de 17 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial de A Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) da infraestrutura de evacuación do parque eólico Monteagudo, nos termos municipais de Carballo, A Laracha e Arteixo (expediente IN407A 2008/71-1)

D./D^a. _____ con DNI número _____,
e _____ domicilio _____ ós _____ efectos _____ de _____ notificacións
en _____,
concello de _____, provincia _____ teléfono _____ e
dirección de correo electrónico _____ por medio do presente
escrito realiza as seguintes

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

O proxecto "LAT aero-soterrada 66 kv de subestación do parque eólico de Monteagudo a subestación de Morás (modificado)", promovido por Eólicos Breogán S.L. localízase nos termos municipais de Carballo, A Laracha e Arteixo, na provincia da Coruña (expediente IN407A 2008/71-1).

Pretende a evacuación da produción da enerxía eléctrica xerada polo parque eólico Monteagudo (20,88 MW) (expediente IN661A 2003/3-1) e o parque eólico Pedra Queimada (11,40 MW) (expediente IN408A 2020/70) dende a subestación do primeiro (prevista no concello de Carballo) ata a subestación de Morás, no polígono industrial do mesmo nome, situado no concello de Arteixo, mediante unha liña eléctrica composta por tramos aéreos e subterráneos.

A lonxitude da liña é:

- Tramo I (subterráneo): 46 m
- Tramo II (aéreo): 7.042 m
- Tramo III (subterráneo): 839 m
- Tramo IV (aéreo): 3.713 m
- Tramo V (subterráneo): 2.082 m

Polo tanto, a liña proxectada deséñase en dous tramos aéreos e tres tramos subterráneos, cuxo trazado discorre na súa totalidade polos concellos de Carballo, A Laracha e Arteixo.

Para os tramos aéreos, os apoios terán unha altura total de entre 22,57 e 31,7 m.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Arteixo é un dos concellos máis industrializados de Galicia o que implica que unha boa parte do seu territorio estea totalmente transformado. É nesta zona de cualificación máis urbana, onde se asentan grandes polígonos industriais e empresarias como son o de Sabón, Moras (de recente creación) e colateralmente parte do polígono da Grela-Bens; asemade, sitúase neste sector o Porto exterior da Coruña e os cinco grandes núcleos de poboación, conformados por Arteixo, Vilarrodís, Sol e Mar, Pastoriza e Meicende, nos que reside o 80% da poboación do Concello.

Neste contexto, e de salientar que esta área máis modificada, concéntrase ben delimitada e acotada na zona nordeste do termo municipal, ficando diferenciada da zona rural-natural, que se sitúa ao sur e máis ao oeste, a cal se presenta, salvo excepcións puntuais, libre de grandes alteracións.

Atendendo ó anterior, resulta evidente que cómpre compatibilizar o dinamismo económico e social coa mellora continua da calidade ambiental na zona urbana, e por outro, na conservación da natureza en harmonía co desenvolvemento do rural e da súa actividade, principalmente, agraria, gandeira e forestal; e no seu conxunto, procurar que ámbalas dúas zonas convivan de xeito simbiótico, cunha relación de interacción e apoio mutuo entre partes, que evite calquera prexuízo dunha sobre a outra.

Tendo en conta a información presentada pola entidade promotora da infraestrutura de evacuación do parque eólico Monteagudo nos termos municipais de Carballo, A Laracha e Arteixo (expediente IN407A 2008/71-1), preséntanse as seguintes:

ALEGACIÓNS:

I. Aspectos xerais

- A.** Non se aporta o Estudo de Impacto Ambiental completo do proxecto, que resulta insuficiente para avaliar as posibles afeccións que se produzan ou poidan ter lugar;
- B.** Considérase insuficiente o estudo de efectos acumulativos e sinérxicos da nova liña aérea de alta tensión co resto de infraestruturas do territorio, ao non apoiarse en datos cuantitativos;
- C.** O Concello de Arteixo accedeu a formar parte da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo aprobada pola UNESCO na 25ª Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB, celebrada en París o día 28 de maio de 2013;
- D.** As Reservas da Biosfera son lugares representativos dos diferentes hábitats do planeta e teñen como un dos seus obxectivos principais conciliar a mentalidade co uso sustentable dos recursos naturais;
- E.** Non se realiza un estudo dos impactos destas instalacións no conxunto do territorio abarcado pola Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", estudo que debería incluírse ao ser esta unha figura de conservación recollida na Lei 42/2007;

- F.** Considérase incompleto o estudo de impactos realizado sobre a hidroloxía e hidroxeoloxía da zona de implantación da liña de alta tensión;
- G.** No documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental apórtase a relación dos puntos nos que se produce o cruzamento da liña de alta tensión proxectada con algún curso fluvial: 11 cruces aéreos con ríos e regatos e 1 cruce subterráneo co Río de Arteixo;
- H.** No documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental, non se están avaliando cuantitativamente os impactos dos cruzamentos da liña de alta tensión (tanto o tramo aéreo como subterráneo) cos ríos e regatos;
- I.** Debido aos numerosos cruzamentos da liña de alta tensión con ríos e regatos de importancia, solicítase que se amplíe o estudo hidrolóxico, detallando de maneira individualizada as posibles afeccións da liña de alta tensión a ríos, regatos, fontes e humidais, avaliando a calidade das masas de auga, o seu estado de conservación e a posible perda de conectividade ambiental;
- J.** No documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental tampouco se identifican os humidais presentes na zona de afección da liña de alta tensión, polo que se solicita que se realice unha identificación exhaustiva de tódolos humidais presentes e, unha avaliación cuantitativa de todos os impactos que a liña de alta tensión podería ocasionar;
- K.** Asemade, respecto á hidromorfloxía, non se están a localizar os puntos de abastecemento de augas, nin as traídas veciñais que poderían estar localizadas na zona de actuación e, en consecuencia, tampouco se están a analizar os efectos que a liña de alta tensión podería ocasionar sobre estes puntos de abastecemento humano de auga;
- L.** Resulta desconcertante que no documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental non se estean a avaliar as afeccións que as infraestruturas da liña de alta tensión poderían ocasionar sobre a hidroloxía da zona. Polo tanto, solicítase que se realice unha avaliación cuantitativa de tódolos impactos que a LAT podería ocasionar sobre a hidrografía da zona de implantación, con especial énfase na rede fluvial e nos puntos de abastecemento de auga;
- M.** Por outra banda, na contorna do proxecto, atópanse numerosos acuíferos con traídas veciñais que abastecen de auga ás aldeas da zona. Por este motivo, considérase necesario realizar un estudo hidroxeolóxico específico das infraestruturas do proxecto para, en primeiro lugar, elaborar un inventario dos mananciais e das traídas veciñais actuais na zona de estudo. En segundo lugar, analizar as posibles afeccións aos acuíferos subterráneos e á calidade das masas de auga. En terceiro lugar, realizar un plan de sustentabilidade destas traídas (acordado coa poboación local), para garantir a súa viabilidade nun escenario de cambio climático.
- N.** Non se realiza debidamente o traballo de campo para identificar os hábitats naturais presentes na zona de actuación, nin se presenta un mapa no que se mostre a súa distribución real.
- O.** A falta do Estudo de Impacto Ambiental completo, considérase que os traballos de campo foron realizados cunha falta de exactitude, polo que se solicita que se identifiquen os tipos de hábitats presentes na zona de estudo,
- P.** se presente unha cartografía detallada dos hábitats identificados e se cuantifique a superficie de hábitats afectados e o grao de impacto do proxecto.

- Q.** Os hábitats de interese comunitario e prioritarios deberán preservarse integramente, polo que as infraestruturas do proxecto que os afecten deberán eliminarse.
- R.** Considérase incompleto o estudo de impactos realizado sobre os espazos naturais protexidos na zona de implantación da liña de alta tensión.
- S.** Considérase incompleto o estudo de impactos realizado sobre a fauna na zona de implantación da liña de alta tensión, xa que se omiten algúns tipos, subtipos, clases, ordes, familias e especies, que cómpre ter en consideración.
- T.** Non se realiza un estudo dos impactos respecto das especies con plans de xestión na zona de implantación da liña de alta tensión (subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras, entre outras).
- U.** Non se realizou unha análise da diminución da calidade paisaxística nos espazos naturais protexidos, na AEIP "Monte do Xalo", na Senda dos Faros, nos núcleos de poboación e nos diferentes elementos de interese paisaxístico.
- V.** Non se presenta un plano no que se mostre a distancia da liña de alta tensión ás vivendas e núcleos de poboación.
- W.** Non se realiza unha análise cuantitativa dos impactos sobre o desenvolvemento económico do territorio afectado.
- X.** Considérase incompleto o estudo de efectos sobre a saúde das persoas. Non se realiza un estudo de efectos sobre a saúde dos animais domésticos presentes nas explotacións gandeiras na contorna e respecto da fauna.
- Y.** Respecto ó anterior, e vista a problemática que se está a experimentar no rural ca perda de poboación, resulta relevante facer mención ó impacto na vida cotiá dos residentes é o risco que supón de cara á degradación da paisaxe circundante;
- Z.** Considérase insuficiente a investigación arqueolóxica realizada dos distintos elementos do patrimonio cultural na zona de implantación da liña de alta tensión.

Respecto ó anterior quérese sinalar que:

- 1.** As cuestións relativas ó impacto son sempre relativas e non poden ser analizadas e valoradas adecuadamente se só se realiza ese exercicio desde unha óptica sectorial;
- 2.** Na envolvente de 15 km atópanse diversos parques eólicos en funcionamento ós que haberá que engadir os proxectados e as novas infraestruturas eléctricas, especialmente as liñas de alta tensión.
- 3.** Esta situación provocará unha diminución considerable na calidade visual da paisaxe e poderá provocar efectos sobre a fauna, aumentando a taxa de mortalidade, provocando o efecto barreira, molestias e desprazamento.
- 4.** No documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental non se detallan as especies que están catalogadas como Vulnerable ou En Perigo de Extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) que potencialmente serían encontradas no ámbito de estudo segundo análise bibliográfica.
- 5.** Que na Ley 42/2007 de 13 de decembro, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, recoñécense as Reservas da Biosfera, declaradas pola UNESCO, como áreas protexidas por instrumentos internacionais.

- 6.** Que a totalidade do Concello de Arteixo está incluído na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo;
 - 7.** Que, por este motivo, ó estar incluídos estes ámbitos como espazos naturais protexidos na lexislación estatal, solicítase que se analicen e avalíen conxuntamente os efectos acumulativos e sinérxicos de tódalas infraestruturas proxectadas.
 - 8.** No documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental non se aportan datos que xustifiquen as afirmacións que nel se recollen respecto ós efectos acumulativos e sinérxicos.
 - 9.** Polo tanto, cómpre solicitar que se realice un estudo con datos cuantitativos que avalíen os efectos sinérxicos e/ou acumulativos sobre a paisaxe, a fauna e o ruído, indicando os posibles efectos sobre a saúde das persoas.
 - 10.** A análise cómpre facela de xeito integral e desde unha perspectiva que considere ó conxunto do territorio e as distintas connotacións, contextos e valores evidentes, subxacentes e definidores da identidade cultural, paisaxística, ambiental e morfolóxica dun ámbito que transcende do local;
 - 11.** Ademais, o PE Monteagudo comparte a subestación de Morás con outros parques eólicos e, polo tanto, existirán varias liñas de alta tensión coas que se solicita que se avalíen conxuntamente os impactos e os efectos acumulativos e sinérxicos.
 - 12.** Que se precisa dunha adecuada coordinación do conxunto das actuacións no eido da enerxía, e non só da ordenación dos distintos polígonos de estudo ou de explotación, senón tamén das liñas de evacuación, das infraestruturas subsidiarias e do seu impacto, nas distintas escalas e niveis, sobre a actividade no territorio, a paisaxe, o medio ambiente, o patrimonio e, por ende, na memoria e na identidade da sociedade;
- II.** Respecto ó anterior, e atendendo ó artigo 12.2 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no que se concreta que “a contorna de protección dos bens inmobles de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poda afectar á súa integridade, apreciación ou estudo” cómpre indicar:
- 1.** Que na contorna da liña de alta tensión que se desexa construír, atópanse xacementos arqueolóxicos catalogados como a Mámoa I de Carballedo (GA15019037), a Mámoa II de Carballedo (GA15019038), a Mámoa III de Carballedo (GA15019041), o Castro de Freón – O Castro (GA15005015), o Xacemento de Rorís-Arcas (AC15005003), a Mámoa da Agra de Bons (GA15005024), a Mámoa de Loureda (GA15005028) ou o Castro das Penouqueiras (GA15005010);
 - 2.** Que, ademais dos xacementos arqueolóxicos citados, entre outros, cómpre sinalar que dentro da poligonal tamén se atopan a Capela da Estrela (Arteixo_2857), a Igrexa parroquial de Santo Tomé de Monteagudo (Arteixo_2896), o conxunto do igrexario de Armentón (casa reitoral, cruceiro e hórreos), a Capela de San Martiño (Arteixo_2858), o Pazo de Mosende (Arteixo_2906), a Casa reitoral de Santa Mariña de Lañas (Arteixo_2877) ou

o conxunto do igrexario de Loureda (Igrexa, Casa reitoral, casa xunto á reitoral, cruceiro e 4 hórreos), así coma diversos muíños e outros elementos de valor etnográfico;

- 3.** Que respecto os pazos, cómpre sinalar que estes elementos resultan de especial relevancia tanto dende o punto de vista patrimonial como paisaxístico.
- 4.** Que estes elementos están relacionados de xeito inseparable co territorio, ca súa lexibilidade e o seu significado. Mostra diso son as múltiples referencias documentais, entre as que se poden destacar as realizadas por parte de figuras como Pardo Bazán, Valle-Inclán, Ramón Otero Pedrayo ou Torrente Ballester, entre outras.
- 5.** Que os pazos normalmente están situados de xeito protagonista no territorio, como elemento predominante, xeralmente circundados por arboledas extensas e frondosas, zonas de cultivo e espazos axardinados.
- 6.** Que o pazo é, sen dúbida algunha, un elemento identitario de Galicia e está intrinsecamente relacionado co mundo agropecuario, non sendo casual o xeito no que se emprega a auga ou a definición das zonas de cultivo ou dos xardíns de proximidade.
- 7.** Que as áreas da contorna dos Pazos estaban vencelladas a usos agropecuarios, nas que se asentaban pequenas casas que servían de vivenda para os labregos que as traballaban.
- 8.** Que co paso do tempo propiciouse a progresiva antropización destas extensións de terreo, formalizándose ou reforzándose os núcleos de poboación.
- 9.** Que no referente ao patrimonio cultural, débense ter en consideración os elementos patrimoniais que se poidan ver afectados polo novo trazado, tanto os que se afecten directamente por situarse dentro do perímetro de protección como os que se atopen fora do mesmo.
- 10.** Que as dimensións e escala desta infraestrutura terán unha repercusión directa na contemplación destes elementos e da súa paisaxe circundante, ao igual que ocorre cos elementos patrimoniais territoriais, como son os Camiños de Santiago, nos que existe unha área de amortecemento que realiza unha protección en conxunto, relacionada coas vistas e a paisaxe.
- 11.** O mesmo ocorre cos núcleos tradicionais existentes, os cales tamén son merecedores de protección dada a súa condición de núcleos rurais tradicionais.
- 12.** Que, segundo o artigo 98 da Lei "ó outorgar as autorizacións que afecten ó patrimonio arqueolóxico, a Consellería competente en materia de patrimonio cultural velará pola conservación in situ, sempre que sexa posible, das estruturas arqueolóxicas". Neste caso, ademais de ser posible, é necesario, xa que non só se afecta ó tanxible senón tamén á memoria do lugar e das súas xentes;
- 13.** Ademais do expresado no punto anterior, no devandito artigo 98 recóllese que "a Consellería competente en materia de patrimonio cultural velará por que as obras e actuacións necesarias para a apertura dun xacemento á visita pública non atenten contra o carácter arqueolóxico, contra o seu valor cultural e científico, contra a súa relación ca contorna e co seu contexto territorial e contra a valoración cultural da paisaxe";

- 14.** Que as actuacións vencelladas á liña de alta tensión afectan á morfoloxía da paisaxe e do medio ambiente, así coma ó contexto dos bens obxecto de protección;
- 15.** Que, se ben o territorio é dinámico e se está construíndo continuamente en base á súa relación con outros lugares, tamén é a mostra dunha identidade cultural baseada na memoria e nas costumes;
- 16.** Que en base ó expresado nos puntos precedentes, considéranse inseparables o medio físico, a paisaxe e os valores ambientais, do medio construído. Por iso, resulta imposible o entendemento dos elementos arqueolóxicos citados sen o seu contexto, é dicir, da paisaxe circundante.

III. Abundando no anterior, no Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, recóllese nos seus Obxectivos de Calidade Paisaxística (OCP) con carácter xeral a necesidade de dispor dunhas paisaxes:

- 1.** Que estean protexidas, ordenadas e xestionadas co obxecto de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo principios de sustentabilidade e de procurar a mellora da calidade de vida da cidadanía (OX.1);
- 2.** Nas que se manteña a singularidade a través da preservación e potenciación dos valores referenciais que as conforman (OX.4.);
- 3.** Que teñan valor natural e ecolóxico que preserven a súa calidade, biodiversidade e singularidade e nas cales sexa compatible a preservación deses valores co aproveitamento de recursos e o desfrute da cidadanía (OX.6);
- 4.** Nas que a actividade produtiva, agraria, gandeira e/ou forestal, sexa compatible co mantemento da estrutura paisaxística, cos valores históricos do territorio e coa funcionalidade dos asentamentos como lugar de residencia e actividade (OX.7);
- 5.** Que estas paisaxes produtivas estean integradas na contorna e que atendan ás condicións paisaxísticas do ámbito no que se insiren (OX.9);
- 6.** Que estean vinculadas a valores patrimoniais que poñan de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais (OX.10);
- 7.** Que se definen OCP específicos para actuacións e elementos caracterizadores da paisaxe no que se refire a infraestruturas enerxéticas, parques eólicos e infraestruturas e vías de comunicación;
- 8.** Que as infraestruturas enerxéticas estarán integradas na paisaxe, cunhas redes de transporte e distribución agrupadas e que discorran preferentemente polos corredores das vías de circulación;
- 9.** Que as instalacións de enerxía eólica estarán deseñadas de xeito que respecten o carácter propio da paisaxe existente, implantadas segundo a xeomorfoloxía da localización e minimizando o seu impacto na contorna natural e a paisaxe, así como a visibilidade desde as vías de circulación e os núcleos de poboación;

- 10.** Que as infraestruturas de transporte terrestre sexan axeitadas ao territorio polo cal discorren, deseñadas tendo en conta criterios paisaxísticos, con noiros integrados na paisaxe e cuxo deseño procure manter a conectividade ecolóxica e o réxime das augas existentes;
- 11.** Que estas infraestruturas de comunicación sexan consideradas como itinerarios panorámicos receptores das vistas dos territorios que atravesan e, por tanto, lugares estratéxicos para a percepción da paisaxe;
- 12.** Que os bancais, socalcos, peches, valados ou sebes preserven as súas características orixinarias, mantendo patróns, morfotipoloxías e calquera das estruturas que os configuran, sexan construídos ou naturais;
- 13.** Que non se fragmente e quebre o tecido parcelario, descontextualizando o mosaico territorial.
- 14.** Que a lei de Protección da Paisaxe establece a necesidade de identificar os ámbitos que presenten en cada área paisaxística un especial estado de deterioro, definíndose como AEAP.
- 15.** Que as infraestruturas eléctricas son elementos que afectan de forma directa ao territorio, polo que se deben ter en consideración e realizar un estudo do mesmo para evitar xerar novas AEAPs.
- 16.** Neste sentido, cómpre sinalar que nos 5 km inmediatos atópanse sete zonas húmidas incluídas no Inventario de Humidais de Galicia: Barrañán, Rego de Quenxe, Gándara, Casadelas, Lagoa de Baldaio, Marisma de Baldaio e Trasdunas de Baldaio.
- 17.** Que estes espazos, ademais de ter un importantísimo valor paisaxístico e ambiental, entre outros, representan áreas de alimentación e repouso de distintas especies de aves, tanto no período invernal coma nos pasos migratorios, chegando a producirse nestas épocas importantes concentracións de distintas especies.
- 18.** Que, polo tanto, non se realizou unha análise da diminución da calidade paisaxística nos espazos naturais protexidos, na AEIP "Monte do Xalo", na Senda dos Faros, nos núcleos de poboación e nos diferentes elementos de interese paisaxístico.
- 19.** Que, segundo se recolle no documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental, Producírase visibilidade nalgún grao sobre 110 núcleos de poboación.
- 20.** Que, atendendo ó anterior, e debido á afección visual e paisaxística da liña de alta tensión, solicítase que se cuantifique a diminución da calidade paisaxística no conxunto do territorio situado nun radio de 3 km, nos núcleos de poboación situados neste ámbito, nos AEIP afectados, na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e na Senda dos Faros.

Asemade, a Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación del territorio de Galicia, establece no artigo 3, epígrafe g) como un dos fins e obxectivos fundamentais da ordenación do territorio a compatibilización do desenvolvemento do sistema produtivo, a urbanización e a ordenación turística ca racional utilización dos recursos naturais, sobre todo no referente ó litoral, os recursos hidráulicos, a paisaxe e a calidade do aire. Igualmente, a planificación da ordenación territorial e a explotación e aproveitamento racionais dos recursos agrarios, forestais, mineiros,

extractivos e enerxéticos, mediante fórmulas compatibles ca preservación e mellora do medioambiente.

Na mesma liña argumental, se manifesta a LOTGA no artigo 23. Obxecto, ámbito, e funcións das Directrices de ordenación do territorio.

Por outra banda, as DOT indican entre os seus obxectivos específicos a necesidade de protexer o patrimonio natural, cultural e paisaxístico, así como o sistema rural, como sinais de identidade mediante unha perspectiva territorial organizadora. Tamén se sinala necesidade de preservar as diferentes tipoloxías de paisaxe ó tratarse dun recurso patrimonial, natural e económico e, ó mesmo tempo un recurso fráxil e non renovable. Continúase sinalando que a paisaxe debe ser un elemento integrador das diferentes políticas de ordenación territorial, protección ambiental, urbanística e tamén da política sectorial que poida producir impacto directo ou indirecto no medio.

As DOT establecen no apartado 1 da normativa uns Obxectivos xerais e unha estrutura básica do modelo territorial, considerando determinacións excluíntes que proporcionan referencias territoriais para a formulación de actuacións con incidencia territorial (como se produce neste caso) mediante o establecemento de obxectivos prioritarios entre os que se atopa a valorización da calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural, tamén sinala a importancia da valorización do patrimonio rural vinculado ao sistema de asentamentos rurais.

No apartado 4.7 das DOT, onde se establecen as determinacións relativas as infraestruturas de xeración e abastecemento enerxético, considéranse como determinacións excluíntes a formulación do Plan Sectorial de produción e distribución de enerxía de Galicia e, dentro das súas finalidades, atópase a compatibilización da preservación dos valores cos principios de eficiencia e a racionalización da rede existente valorando a posibilidade de establecer corredores eléctricos. Tamén se consideran como determinacións orientativas en relación á ordenación dos tendidos aéreos eléctricos que o percorrido se adaptará á topografía e que, de forma preferente, estas instalacións sigan un percorrido paralelo as vías de comunicación existentes, evitando abrir novos trazados no territorio. Tamén se considera que sempre que existan outras liñas próximas, potenciarase o desdoblamento das existentes antes da construción dunha nova liña e, cando isto non sexa posible por razóns técnicas, instalarase a nova liña o máis próxima á existente para aproveitar o mesmo corredor.

Asemade, e como medida excluínte, sinalase no punto 9.3 das DOT que calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados e neste apartado se volven a poñer en valor as paisaxes vinculadas ao sector agrario e ao medio rural. Este concepto de protección das paisaxes abertas e naturais se desenvolve no artigo 91 da Lei do Solo de Galicia e no 216 do Regulamento que a desenvolve.

Visto o anterior, cómpre sinalar que o patrimonio natural, cultural e paisaxístico ten que ser protexido, respectado e integrado nas escenas paisaxísticas nas que se

asenta, atendendo á súa relación con outros elementos configuradores da matriz paisaxística e dos valores medioambientais. Este patrimonio material, constituído polo conxunto de elementos construídos, o territorio e a paisaxe, é o reflexo das interaccións pasadas entre o ser humano e o territorio.

A expresión territorial das condicións socioeconómicas dos diversos períodos históricos está intrinsecamente ligada ós elementos do patrimonio material identificados como configuradores da paisaxe, neste caso os outeiros, os castros, os camiños, as masas forestais, o mosaico agrario...e os núcleos rurais, compatibilizando a súa presenza coa doutros valores estéticos, naturais e produtivos.

O anteriormente citado vai da man do patrimonio inmaterial, da memoria do lugar e das súas xentes, xa que a súa influencia como configurador do territorio é determinante e tamén o é como elemento integrante da paisaxe, xa que deste xeito é como se pon en valor a memoria, mediante a súa preservación, unha adecuada xestión e, no seu caso, a súa recuperación.

IV. Para concluír, sintetízanse os principais aspectos expostos neste documento:

- 1.** No documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental non se aporta ningún plano, mapa ou documento que amose as distancias dos apoios da liña de alta tensión ás vivendas e núcleos de poboación, solicítase que se incorpore, para revisar e avaliar estas distancias e os posibles efectos que poidan ter lugar;
- 2.** Respecto ó punto anterior, indicar que é imprescindible aportar esta documentación para comprobar o número de habitantes que se atopan máis próximos ás instalacións e que serán os máis afectados;
- 3.** Debido á elevada visibilidade da infraestrutura de evacuación no ámbito do proxecto, solicítase que se analice a diminución da calidade paisaxística nun radio de 3 km debido á construción da liña aérea de alta tensión, con especial atención ós núcleos de poboación afectados;
- 4.** No documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental non se avalían as afeccións da liña de alta tensión sobre as vivendas, explotacións agrogandeiras e forestais presentes na zona de afección do proxecto;
- 5.** A construción da infraestrutura de evacuación pode provocar a fragmentación de terreos de explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras, coa conseguinte perda de base territorial. Por este motivo, solicítase que se analice o efecto das infraestruturas sobre as explotacións agrogandeiras e forestais presentes na zona de actuación;
- 6.** Asemade, nun 20% do percorrido da Senda dos Faros dentro do ámbito de estudo prodúcese visibilidade dalgún dos apoios do proxecto, é preciso contabilizar os km de cada etapa nos que se produce afección visual.
- 7.** Respecto ó punto anterior, ademais, cómpre analizar a diminución da calidade paisaxística nestas etapas e no conxunto da Senda dos Faros debido a esta infraestrutura de evacuación;
- 8.** Non se poden obviar os efectos negativos respecto do patrimonio cultural. Por este motivo, solicítase que se eliminen as infraestruturas que atentan contra

o patrimonio arqueolóxico e, tamén, que se realice unha prospección arqueolóxica máis exhaustiva sobre o terreo por se se puideran atopar máis elementos do patrimonio cultural e arqueolóxico;

- 9.** Que se bota en falta unha adecuada análise e coherente resposta ós condicionantes locais, tanto sociais como territoriais, culturais, ambientais e paisaxísticos;
- 10.** Que non se está a favorecer a resiliencia do territorio, nin se minimiza o impacto sobre o parcelario, e non se fai un adecuado entendemento do conxunto da paisaxe operativa senón que se deixan de lado as diversas formas de organización agraria e dos sistemas de cultivos, o papel esencial do monte, así como as formas de hábitat rural, é dicir: a paisaxe, o medio ambiente, o patrimonio cultural e os asentamentos.
- 11.** Atendendo ó anterior, considérase que é oportuna e pertinente a análise do parcelario existente e a avaliación dos efectos que a LAT terá nel e a perspectiva que se ten destas actuacións dende a óptica e aplicación do Código Civil e a Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- 12.** Asemade, tamén se terá que dar conta do relativo á avaliación ambiental e a Lei 5/2019 do Patrimonio Natural de Galicia, que da prioridade á protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e establece a precaución nas intervencións que poidan afectar ó patrimonio natural ou á biodiversidade.
- 13.** Que neste último caso tamén cómpre subliñar a importancia de xustificar motivadamente a coherencia co Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia ou a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, entre outras.
- 14.** Que, segundo se indica no documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental, "as actuacións proxectadas localízanse en parte dentro da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, declarada o 28 de maio de 2013 pola UNESCO";
- 15.** Que, respecto ó punto anterior, cómpre indicar que no ámbito dos 10 km entorno á liña de alta tensión, localízanse diversos espazos pertencentes á Rede Natura 2000:
 - ZEC Costa da Morte (código ES1110005) a 1,4 km.
 - ZEC Río Anllóns (código ES1110015) a 9 km.
 - ZEPA Costa da Morte (Norte) (código ES01000176) a 1,6 km.
 - ZEPA Mariña Espazo mariño da Costa da Morte (código ES0000497) a 1,8 km.
- 16.** Que nas proximidades do ámbito tamén se localiza a IBA 004 – Costa da Morte Norte, a aproximadamente 1 km da liña de alta tensión.
- 17.** Que no documento de síntese do Estudo de Impacto Ambiental estanse a identificar os espazos naturais protexidos que se atopan nun radio de 10 km do proxecto, pero non se analizan os efectos que a liña de alta tensión pode provocar sobre os mesmos.

- 18.** Polo tanto, solicítase que se analicen cuantitativamente as afeccións que a infraestrutura podería ter sobre a ZEC Costa da Morte, a ZEPA Costa da Morte (Norte), a ZEPA Mariña Espazo Mariño da Costa da Morte e a ZEC Río Anllóns; prestando especial atención á avifauna debido a que estas dúas ZEPAs se atopan a menos de 2 km da LAT.
- 19.** Que os trazados previstos terán unhas implicacións de carácter permanente sobre o territorio, visto que para a posta en obra dos elementos dos aeroxeneradores e probable que se precisen vehículos de transporte especial e grúas de gran tonelaxe;
- 20.** Que, asemade, as actuacións e obras asociadas á formalización da liña de alta tensión poden afectar ás canles de auga, á estrutura hidrolóxica e hidroxeolóxica, ás fontes, mananciais e puntos de captación co prexuízo que pode supoñer para a poboación e a fauna;

Atendendo a todo o expresado, solicítase:

- a)** Que se teñan en conta as alegacións que se formulan neste documento;
- b)** Que a sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, responda desfavorablemente á solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) da infraestrutura de evacuación do parque eólico Monteagudo, nos termos municipais de Carballo, A Laracha e Arteixo (expediente IN407A 2008/71-1)

Para que conste ós efectos oportunos, asínase este documento

En _____ a ____ de _____ de 2022

D./Da. _____

DNI número _____